

Acta da reunión ordinaria da Xunta de facultade de 12 de xaneiro de 2017

Asistentes:

Bergareche Gros, Almudena
Jiménez Alemán, Ángel Aday
Montesinos Padilla, Carmen
Movilla Pateiro, Laura
Noriega Rodríguez, Lydia
Pazos Pérez, Alexandre

PDI A

Aneiros Pereira, Jaime
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Acevedo, Rafael
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández Docampo, M^a Belén
Ferrero Martínez, M^a Dolores
García Mosquera, Marta
Grande Seara, Pablo
Ibañez Paz, Regina
Loveira Pazó, Rosa María
Manzano González, Baltasar
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Táboas, M^a Teresa
Muleiro Parada, Luis Miguel
Orge Míguez, Jose Carlos
Padín Fabeiro, Carmen
Pillado González, M^a Esther
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Rodríguez, Emma
Ruiz Hidalgo, Carmen
Trigo Gómez, Pilar
Valcárcel Fernández, Patricia

Valeije Álvarez, Inma

PDI B

Barreiro Carril, M^a Cruz
Estévez Abeleira, Teresa
Torres Pérez, Francisco José

Alumnos 1º, 2º e 3º ciclo

Diéguez Rodríguez, José Miguel
Rivera González, Paula
Vázquez Fernández, Roberto
García Freira, Mónica

PAS:

López Prieto, María Nieves
Macías Cambra, Hemrique
Pérez Rodríguez, M^a Esther
Ramil Vázquez, Paula
Rivas Suanzes, María Fernanda
Zas Varela, Mónica

Escusan a súa ausencia:

Arias Martínez, M^a Antonia
Bravo Bosch, María José
Cal Bouzada, Isabel
García Gestoso, M^a Noemi
Martínez Hens, Helena
Martínez Yáñez, Nora
Pacho Blanco, José Manuel

O 12 de Xaneiro de 2017, no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, ás 13:41 horas, en segunda convocatoria, deu comezo a reunión da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 19 de decembro de 2016.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación, se procede, dos seguintes Informes de Coordinación.
 - Informe de coordinación do Mestrado en Dereito de Empresa.
 - Informes de coordinación do Mestrado Universitario da Avogacía.
 - Informe de coordinación do Mestrado en Xestión e Dirección Laboral.
 - Informe de coordinación do Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social.
4. Aprobación, se procede, do Informe de autoavaliación do Grao en Dereito.
5. Aprobación, se procede, dos informes de avaliación do PAT do Grao en Dereito, do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e do Dobre Grao ADE-Dereito, do primeiro cuadrimestre do curso 2016-2017.
6. Aprobación, se procede, do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección correspondente ao curso 2015-2016.
7. Aprobación, se procede do Plan Provisional de Melloras para o Curso 2016-2017 e seguimento do PAM do curso 2015/2016.
8. Aprobación, se procede, das propostas de modificacións da Memoria do Grao en Dereito.
9. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 19 de decembro de 2016.

Aprobada por asentimento.

2. Informes da Sra. Decana.

A Decana comunica que María José Bravo Bosch, María Antonia Arias Martínez, Helena Martínez Hens, Nora Martínez Yáñez, José Manuel Pacho Branco e Noemi García Gestoso escusaron a súa ausencia.

A Decana informa que aínda está pendente de confirmar a xornada de portas abertas organizada polo Siope do 26 de xaneiro. Observouse unha pequena errata na publicación dos horarios na web en relación á materia de Fundamentos de Administración de empresa (3º curso do Grao de Dereito): No grupo A, durante o horario regular desde o 6 de febreiro, o horario da clase teórica do xoves é de "10.45 a 12.00" no canto de " 10.45 a 11.55" como aparece actualmente no horario (páx. 16 da publicación da web). Comunicouse por correo electrónico ao profesor coordinador da materia este feito, Miguel Lourido, e ao tratarse dunha errata, procedeuse á súa modificación.

Finalmente, e noutra orde de cuestións, a decana manifesta que a Vicedecana Carmen Montesinos e o Secretario Aday Jiménez participaron nunha reunión informativa convocada

polos responsables do Programa de Integración de Universitarios con Necesidades Especiais (PIUNE), que tivo lugar na Biblioteca central o martes 10 de xaneiro. Na mesma informouse acerca dos protocolos de actuación a seguir por parte dos equipos decanais e o persoal docente fronte a situacións de detección de casos de alumnas/os con necesidades especiais, facendo especial fincapé nas obrigacións de protección de datos por parte do Gabinete pedagóxico, así como na conveniencia e oportunidade de que o persoal docente da Universidade informe o seu alumnado da existencia do referido Programa de Integración. Por iso, e dado que en pouco máis dunha semana comezará a docencia do segundo cuatrimestre cominouose ao profesorado a que lembre ao alumnado que ten á súa disposición os servizos do Gabinete Psicopedagóxico desta universidade. E á súa vez rogouse que, se aprecian calquera conduta disruptiva no desenvolvemento das clases ou da convivencia, o trasladen ao equipo decanal.

3. Aprobación, se procede, dos seguintes Informes de Coordinación.

- Informe de coordinación do Mestrado en Dereito de Empresa.

Aprobado por asentimento.

- Informes de coordinación do Mestrado Universitario da Avogacía.

Aprobado por asentimento.

- Informe de coordinación do Mestrado en Xestión e Dirección Laboral.

Aprobado por asentimento.

- Informe de coordinación do Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social.

Aprobado por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do Informe de autoavaliación do Grao en Dereito.

A Decana cede a palabra ao vicedecano de asuntos de calidade, quen expón os aspectos máis relevantes do informe.

Na rolda de intervencións, Jaime Aneiros expón a necesidade de corrixir aspectos formais, advirte que non se celebrou unha reunión conxunta das comisións de Ourense e Vigo, e que a reflexión resulta máis profunda no exposto por Ourense fronte ao que se realizou en Vigo (por exemplo, en apartado dedicado ao número de alumnos matriculados en Vigo non se fai análise e en Ourense si). Considera que se deben revisar os datos facilitados polas aplicacións informáticas e contrastar cos datos da secretaría de alumnos. Do mesmo xeito estima que non se deben facer afirmacións como ás da páxina 59, con respecto aos fondos bibliográficos. Estímase que son suficientes, o que é contraditorio coa reclamación do seu incremento. Tamén observa a brevidade do apartado dedicado á orientación académica e aos programas de acollida (curso 0), que na páxina 71 non se inclúen as accións sobre a empleabilidade e as xornadas sobre saídas profesionais; que os puntos débiles só se identificaron nesta facultade, podendo ser xerais ao título; e que as enquisas de satisfacción requiren unha reflexión máis profunda.

Intervén o Vicedecano de calidade, quen aclara que na Facultade de Dereito de Ourense non se convocou a súa xunta de centro, aínda que se convocaron dúas reunións de coordinación, unha delas hoxe, o cal se incluírá no informe, do mesmo xeito que se compromete a ter en conta as suxestións expostas por Jaime Aneiros.

A continuación, Luis Muleiro, solicita que se confirme se se está tratando a aprobación definitiva. En canto ao contido do informe, sinala que nos puntos 1 e 2 certas accións de mellora non corresponden a esta facultade. Considera que en xeral falta unha análise de datos máis profunda na parte correspondente á Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo en comparación coa Facultade de Ourense.

O Vicedecano de asuntos calidade intervéñen apuntando que o informe está pendente de correccións menores dado que a súa elaboración é conxunta coa Facultade de Dereito, polo que solicita que se delegue no Vicedecano de asuntos de calidade a súa corrección.

Intervén Carmen Ruiz, quen afirma que non ve óbice na delegación para correccións, que roga que sexa o mesmo informe tanto en Ourense como en Vigo, e expón que se delegue na Comisión Permanente da Facultade a aprobación do informe definitivo.

O Vicedecano de asuntos calidade, expón que esta cuestión tratouse na reunión de coordinación con Ourense, insiste en que vicedecanos e coordinadores están coordinados para que se presente o mesmo informe, e roga que se delegue no coordinador.

María Nieves López Prieto lembra as dificultades de coordinación coa Facultade de Dereito e a necesidade de cumprir cos prazos, polo que defende a aprobación deste informe.

A Decana expón que só se corruxirán cuestións relativas á coordinación con Ourense, en todo caso menores, e sen afectar o contido esencial e estrutura. O motivo de convocar hoxe foi o risco de atoparnos con dificultades técnicas á hora de entrega da documentación. Insiste na aprobación condicionada á de Ourense e á corrección de Pablo Fernández Carballo-Calero e do Alexandre Pazos.

Pablo Fernández Carballo-Calero adhírese ás afirmacións da Decana, sostén que a forma de operar ata agora foi esta: traer o informe máis recente e delegar a aprobación definitiva na Comisión permanente.

Apróbase provisionalmente o informe, así como a delegación da inclusión de correccións no coordinador e no Vicedecano de asuntos de calidade, e a delegación da súa aprobación definitiva na comisión permanente da Facultade, por 22 votos a favor, 7 abstencións e ningún en contra.

5. Aprobación, se procede, dos informes de avaliación do PAT do Grao en Dereito, do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e do Dobre Grao ADE-Dereito, do primeiro cuadrimestre do curso 2016-2017.

A Decana abre a rolda de intervencións. Paula Rivera, en nome da delegación de alumnado, realiza unha valoración xeral do PAT. Estima que non funciona, a diferenza doutras facultades. Considera que require un programa de mentorado e critica o informe ao carecer de certos datos.

A continuación, intervéñen Roberto Vázquez, subscribindo o exposto por Paula Rivera.

A Decana aclara que se produciron dificultades á hora de realizar a enquisa nunha materia. Afirma que hai compromiso por parte do equipo decanal para a mellora do PAT e precisa que o informe é dun cuadrimestre só.

Jaime Aneiros expón que o informe recolle sobre todo evidencias, e matiza que debe aprobar este informe e non o do curso 2015/2016.

A Decana aclara que se aprobará o do curso 2015/2016 na seguinte comisión de calidade debido a un problema de coordinación cos bolseiros de calidade.

Intervén Carmen Ruiz, lembrando cal é o punto do día e solicita que se vote.

Apróbbase por 21 votos a favor, constando 5 votos en contra e 4 abstencións.

6. Aprobación, se procede, do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección correspondente ao curso 2015-2016.

A Decana delega a palabra ao Vicedecano de asuntos de calidade quen expón os aspectos máis relevantes do Informe.

Carmen Ruiz expón que o informe contén erros que hai que revisar. Por exemplo, hai certos datos correspondentes á licenciatura que considera que hai que eliminar; fai falta mellorar a estrutura do contido, no punto 2.1.6 débese aclarar cal é o índice que se utiliza; afirma que faltan propostas xerais sobre os programas de mobilidade, e neste sentido expón unha proposta: a elaboración do TFG a distancia como medida do fomento da mobilidade.

A decana advirte do cambio nos modelos destes informes con respecto a cursos anteriores, e Alexandre Pazos comprométese á súa mellora e agradece as observacións.

Carmen Ruiz insiste en cuestións relacionadas coa estrutura do Informe e realiza unha proposta sobre a formación en idiomas do alumnado para fomentar a súa participación nos programas de internacionalización.

A Decana propón que se proceda a votación desta orde do día, delegando no Vicedecano de asuntos de calidade a realización de melloras.

Apróbbase por 20 votos a favor, 5 abstencións e ningún voto en contra.

7. Aprobación, se procede do Plan Provisional de Melloras para o Curso 2016-2017 e seguimento do PAM do curso 2015/2016.

A decana cede a palabra ao Vicedecano de asuntos de calidade quen advirte que se introduciron 4 melloras tras a coordinación con Ourense.

Laura Movilla achega detalles sobre as observacións que se realizaron relacionadas coa revista e a Decana insiste na necesidade da súa mellora.

Apróbbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, das propostas de modificacións da Memoria do Grao en Dereito.

A Decana advirte que estas modificacións foron expostas polos coordinadores das diferentes materias.

Apróbbase por asentimento.

9. Rolda aberta de intervencións.

Luis Muleiro reitera o afirmado na Comisión de calidade: é necesario concretar algunhas melloras e que se amplíe o seu número. Alexandre Pazos agradece as suxestións, aínda máis cando todo aquilo relacionado coa calidade debe estar aberto á participación máis ampla posible e roga que se concreten algunhas propostas expostas.

Finalmente, Jaime Aneiros realiza varias apreciacións. En primeiro lugar, e en relación coa revista da Facultade, afirma que esta cumpre na actualidade 28 criterios Latindex e solicita que se aclare se se refire a outros sistemas de indexación. Lembra o difícil que é conseguir traballos para a revista, e afirma que, en calquera caso, está a disposición do equipo decanal, lamentando que se realizaron certas afirmacións anteriormente.

Finaliza a sesión, sendo as 15:13, do que como secretario dou fe.

Ángel Aday Jiménez Alemán